

ÍNDICE

1. PROTOCOLO DE ACTUACIÓN DA EIM OS CATIVOS FRONTE AO CORONAVIRUS

1.1. INTRODUCCIÓN

1.2. OBXECTIVOS

1.3. ALCANCE

1.4. MARCO TEÓRICO

1.5. ACTUACIÓNS PARA PREVIR OS CONTAXIOS:

1.5.1. GRUPO BURBULLA

1.5.2. Mascarillas

1.5.3 Hixiene xeral

1.5.4. Regulación das actuacións dos traballadores

1.5.5. Regulación das actuacións das familias

1.5.6. Regulación das entradas e saídas

1.5.6.1. PERSOAL ESCOLA

1.5.6.2. FAMILIAS

1.5.6.3. AULAS:

1.5.6.4. PEQUES:

1.5.7. Regulación da entrada de mercadorías

1.5.8. Regulación dos medios de comunicación/información

1.5.7.1. Información familia-escola

1.5.7.2. Información escola-familia

1.5.9. Regulación dos espazos

1.5.10. Regulación da limpeza da escola.

1.5.10.1. Elementos de limpeza e desinfección

1.5.11. Regulación comedor-sesta

2. PLAN DE CONTINXENCIA

2.1. INTRODUCCIÓN.

2.2. OBXECTIVOS.

2.3. ALCANCE

2.4. MARCO TEÓRICO

2.5. ACTUACIÓNS PARA PREVIR OS CONTAXIOS:

3. ANEXOS

ANEXO 1 CONSENTIMIENTO RESPONSABLE EDITABLE

ANEXO 2 AUTOEVALUACIÓN-REGISTRO JORNANA

ANEXO 3 CONTROL ASISTENCIA AULAS MENSUAL

ANEXO 4 REXISTRO DE INCIDENCIAS RELACIONADAS CO COVID

ANEXO 5 GUIA DE IMPLANTACION SITUACION COVID-19-CURSO 2020-2021

4. CARTELERÍA

CARTEL1 INDICACIONS XERAIS

CARTEL 2 DESINFEC.MANS

CARTEL 3 INDISPENSABLE

CARTEL 4 LAVADO MANS

CARTEL 5 TÉCNICA DO LAVADO DE MANS

CARTEL 5 USO DE GUANTES




CARTEL 5 COLOCACIÓN CORRECTA MASCARILLA

Ficha-tcnica-informativa-para-la-retirada-segura-de-guantes

1.1. INTRODUCCIÓN.

Unha vez pasada a primeira onda epidémica e para recuperar a normalidade na actividade da escola, establecemos as medidas necesarias de vixilancia epidemiolóxica, prevención, detección e control de todos os procesos relacionados coa Covid-19 para dar a suficiente seguridade aos nenos e nenas, ás súas familias, ao persoal da escola.

1.2. OBXECTIVOS.

-  Establecer as actuacións que a escola vai aplicar para a prevención do covid-19 na escola e a detección e o manexo de Casos Sospeitosos ou Confirmados de COVID-19; por medio de accións de prevención oportunas.
-  Establecer vías de comunicación áxiles que nos permitan a transmisión da información a todos: persoal, familias, concello e servizos sanitarios.
-  Informar seguindo as recomendacións de fontes oficiais apoiándonos en materiais desenvolvidos pola Comunidade Autónoma ou polo Ministerio de Sanidade.

<https://www.msbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCovChina/ciudadania.htm>

1.3. ALCANCE

Aplícase a todos os nenos e nenas, ós seus acompañantes e ao persoal da escola desde a súa chegada á escola ata o momento da saída.

O número máximo de nenos será o que corresponde pola ratio de cada idade.

O horario da escola será de 08:00 a 17:00.

1.4. MARCO TEÓRICO

O virus na poboación infantil:

O seu período de incubación está entre 2 e 14 días. A infección en nenos adoita ser asintomática ou presentar síntomas leves. Nos casos máis graves, xeralmente ocorren en persoas de idade avanzada ou que padecen algunha outra enfermidade como, por exemplo, enfermidades cardiovasculares, respiratorias ou trastornos inmunitarios.

Síntomas:

Os síntomas máis habituais son:

Febre.
Tose seca.
Cansazo, sensación de falta de aire.

Outros síntomas menos comúns son:

Molestias e dores.
Dor de garganta.
Diarrea.
Conxuntivite.
Dor de cabeza.
Perda do sentido do olfacto.
Perda do sentido do gusto.
Erupcións cutáneas ou perda da cor nos dedos das mans e dos pés.

Os síntomas graves son:

Dificultade para respirar ou sensación de falta de aire.
Dor ou presión no peito.
Incapacidade para falar ou moverse.

Como previr a infección por COVID-19?

Actualmente non hai ningunha vacina para previr á COVID-19. A mellor maneira de previr a infección é reducir o risco de exposición ao virus.

1.5. ACTUACIÓNS PARA PREVIR OS CONTAXIOS:

1.5.1. GRUPO BURBULLA

Establécense os grupos estables, grupos burbulla de 08:00 a 15:10.

O xantar e a sesta realizaranse na mesma aula.

De 15:10 a 17:00 formaranse dous grupos cos nenos que aínda estean na escola.

Garantírase a asistencia de todos os nenos.

Manterase a xornada habitual da escola.

Asegurarase a dispoñibilidade, supervisión e reposición dos recursos necesarios para a hixiene e lavado de mans (p.e. auga, xabón, papel para o secado das mans, papeleira con pedal, etc) en todos os espazos da escola.

Distribuírse materiais informativos (p.e. pósteres, infografías, folletos...) sobre as medidas principais de prevención nos lugares específicos.

1.5.2. Hixiene xeral

O persoal da escola e as familias que traian ou leven ó neno deben extremar as medidas de hixiene:

As familias, os nenos e o persoal ao chegar a escola desinfectaranse os zapatos coa alfombra e as mans con xel desinfectante e sempre que realicen accións que as contaminen.

Hixiene de mans. Nas aulas as titoras lavaranse as mans a miúdo.

Evitarase, na medida do posible, tocarse coas mans os ollos, o nariz e a boca.

Cubrirse o nariz e a boca cun pano ao tusir e esbirrar, e refugalo nun cubo de lixo con tapa e pedal.

1.5.3. Mascarillas

O persoal da escola usará mascarillas e pantallas para a súa protección.

Os nenos no levarán mascarilla.

Os familiares que traian e veñan a buscar ó neno terán que facelo co mascarilla posta.















1.5.4. Regulación das actuacións dos traballadores:

🚫 Terémonos que cambiar de roupa na escola, meténdoa nunha bolsa dentro dos nosos casilleros.

“A roupa de traballo será de uso exclusivo do centro. En ningún caso se virá da casa con ela posta. Á chegada á escola procederase ao cambio da roupa persoal pola de traballo, gardándoa adecuadamente e separada da do resto do persoal. Ao final da xornada lavarase conforme ás normas xerais establecidas polas autoridades sanitarias, de xeito preferente no centro. Non procede nin á entrada nin á saída do centro ir vestidos coa mesma roupa. Da mesma forma, actuarase se sae da escola durante o descanso, ou deber inescusable (por exemplo cita médica) e tomaranse as mesmas precaucións. O mesmo sucederá co calzado que se use no centro”.

🚫 Non podemos utilizar o calzado da rúa.

“Os traballadores e traballadoras preferentemente quitarán o calzado da rúa á súa chegada ao centro, no espazo convindo para esta medida, desinfectarano e gardarano nunha bolsa de plástico, de xeito que se evite a circulación polos espazos comúns de uso diario de nenos, nenas e do persoal co calzado do exterior. Trala súa retirada, pasarase aos vestiarios onde se procederá a gardalo. Na mesma entrada os traballadores ou traballadoras procederán á desinfección das mans ata que poidan lavalas convenientemente con auga e xabón nos vestiarios. Manter os vestiarios o mais diáfanos posible, prescindindo de todo o superfluo (excedente de roupa e outras pertenzas persoais) que facilite a súa limpeza e a das taquillas”.

-  Non utilizar teléfono móbil. Non se poderá ter na aula. Gardarase na taquilla ó igual ca roupa e co bolso.
-  Recomendación do lavado das mans como medida preventiva fundamental para previr a transmisión do virus.
-  Desinfección co xel hidroalcohólico ou uso de luvas, segundo o caso.
-  As uñas curtas, sen pintar.
-  Non compartir as toallas de man e de baño, para evitar contaxiarse de forma involuntaria.
-  Utilizarase, segundo a necesidade mascarilla quirúrxica ou FFP2 e pantallas.
-  Manterán as distancias de seguridade entre seus compañeiros.
-  Cada titor deberá pasarse toda a xornada escolar na súa aula ou no patio (zonas establecidas e horarios). Ou cos grupos que se organicen na tarde.
-  Os coordinadores estarán cos grupos que lles correspondan na xornada escolar. Na hora do comedor, na aula onde teñan que axudar para dar as comidas, limpar e sestas. Logo colaborarán ca outra quenda.
-  Os educadores que queiran comer na escola, farano dun en un e cos horarios que se establezan.
-  Só pode utilizar o servizo unha persoa á vez. Débese extremar a hixiene.
-  Os residuos que se produzan ao longo da xornada escolar, tanto non aula, como no patio ou nos aseos, deberá refugarse nas bolsas de plástico que estean en nas papeleiras con pedal disposta en os diferentes espazos da escola
-  Só pode utilizar o vestiario unha persoa á vez.
-  Os educadores dedicarán tempo á promoción da saúde e da hixiene.

Actuación no aula.

Quitar elementos tanto decorativos como para as actividades dos nenos.

Os materiais, se é posible, de uso individual.

Temos que quitarlos mocos aos nenos, para non estendelos por ningunha parte. Farémolo co panos desechables.

Desinfectar o cambiador despois de cada cambio.

Desinfectar con frecuencia os xoguetes e materiais

Comerase e botarase a sesta nas aulas. Ó rematar de comer, limparanse os restos da comida do chan e das mesas para preparar a zoa de durmir. As zoas de comedor e de durmir estarán separadas.

1.5.5. Regulación das actuacións das familias:

- ✿ Non se poderá traer a ningún neno/a enfermo/a á escola. As familias terán que tomar a temperatura aos peques antes de saír da casa.

“Os nenos ou nenas que teñan febre (máis de 37,5 °C), tose ou síntomas respiratorios, aínda que sexan leves, non acudirán aos centros. De igual modo, aqueles que mantiveron contacto cunha persoa afectada dentro ou fóra da unidade familiar. Non será necesario un informe médico para a xustificación da ausencia, abondará cunha xustificación dos pais ou nais.”

- ✿ Previa á nova incorporación á escola, as familias asinarán un documento responsable de non ter sintomatoloxía nin ter sido contacto estreito con persoas con COVID-19 activo nos últimos 14 días e co compromiso de comunicar calquera circunstancia que poida acaecer en calquera momento do curso a este respecto.

- ✿ De ser detectada febre ou outros síntomas durante a xornada, as familias deberán presentarse no centro coa maior brevidade posible, polo que deberán estar localizables en todo momento. O neno sintomático dentro do centro debe ser separado do resto dos nenos á espera da chegada dos pais.

Necesitamos ter un teléfono de contacto que funcione de forma eficiente, é dicir que permita unha rápida resposta da familia ás nosas chamadas. Terán que vir inmediatamente a recoller ao neno se nós detectamos algo, xa que a ese neno durante ese espazo de tempo (chamada-recollida) terémolo separado do resto de nenos.

- ✿ O horario de entrada e saída que cada familia utilizará é de obrigado cumprimento. Está pensado para o coidado dos pequenos, das familias e dos traballadores que acoden á escola. É para evitar aglomeracións de persoas nas entradas e saídas.

- ✿ Portas: cada familia entrará na escola pola porta de entrada correspondente ó aula do neno.

- ✿ Ao entrar no interior da escola, teñen que limpar convenientemente os zapatos na alfombra desinfectante ou usar calzas.

- ✿ Deberán deixarnos ao comezo do curso nunha bolsa de tea unha muda completa, cueiros, toallíñas, gorra para o sol, unhas zapatillas ou calcetíns con sola antiescorregadiza, un vaso ou unha botella para que nós poidamos enchelo con auga da billa para darlles de beber aos nenos.

- ✿ Para os peques das aulas de 2-3, ademais do sinalado no punto anterior, deberán ter unhas botas de auga, un pantalón e unha cazadora impermeables, unha lupa e unha lanterna, xa que van realizar unha gran parte das súas actividades na zona exterior.

- ✿ As familias que queiran que os seus peques usen mandilón, deberán traelo limpo cada semana, sobre todo os que utilicen o servizo de comedor. Poñerémollo nós na aula.

- 🚫 As que teñan servizo de comedor, ademais do mandilón, que recomendamos, deberán traernos ao comezo da semana, nunha bolsa de tea, 5 bibeiros co seu nome marcado, que iremos mandando á lavar cada día.
- 🚫 Non poderán traer ningún tipo de alimento á escola. Aqueles que necesitan tomar un tentempié pola mañá na escola, téñeno que solicitar. Ten a mesma tarifa que o almorzo. Está composto polos mesmos alimentos que o almorzo: froita e lácteos, sempre que non sexan alérxicos.
- 🚫 A información sobre @ peque ás familias chegará a través de paneis informativos na entrada da escola ou próxima á porta das aulas ou nos correos electrónicos.
- 🚫 Para calquera información que necesitedes, utilizade o correo electrónico ou o teléfono.

1.5.6. Regulación das entradas e saídas














1.5.6.1. PERSOAL ESCOLA

- 🚫 Ten que vir sen síntomas.
- 🚫 Tomaranse a temperatura antes de empezar a súa xornada.
- 🚫 Limparanse o calzado na alfombra desinfectante.
- 🚫 Usarase un calzado distinto no interior da escola do da rúa.
- 🚫 Cambiaranse a roupa ou poñeranse unha bata ao chegar e saír da escola.
- 🚫 Débense hixienizar as mans á chegada á escola. Haberá xel hidroalcohólico na entrada.
- 🚫 Nalgúns casos usaranse calzas.
- 🚫 Irán ao aula do grupo titorado (grupos burbulla).
- 🚫 Recibirán aos nenos e poñeránlles os zapatos ou os calcetíns, que serán de uso exclusivo da escola.
- 🚫 O mandilón, no caso de usalo, estará na aula durante a semana e poñerallo a súa titora ou a persoa que colabora con ela na aula. Ao final da semana envíase a lavar á casa e tense que volver traer o luns.



1.5.6.2. FAMILIAS

- 🚫 Ten que cumprir os horarios establecidos: hai que acordar uns horarios coas familias para evitar concentracións nas chegadas. Deberán ser graduados.
- 🚫 Virán coa mascarilla. A pantalla xamais suple á mascarilla, que é obrigatoria á hora de deixalo e recollelo.
- 🚫 Só poderá vir un adulto por neno.
“A entrega e recollida dos nenos e das nenas realizarase por unha soa persoa que acudirá debidamente protexida coa utilización de máscara de protección, mantendo en





todo momento as distancias de seguridade respecto do persoal da escola e outros usuarios ou usuarias”

-  Só pode entrar na escola un familiar por aula.
-  Débese hixienizar as mans á chegada á escola. Haberá xel hidroalcohólico na entrada.
-  Limpar o calzado na alfombra desinfectante
-  Nalgúns casos, usaranse calzas.
-  Seguirán a ruta indicada para cada aula.
-  Non poderán entrar nas aulas.
-  O tempo de permanencia na escola, entregando ou recollendo ao neno/a, será breve, para non interferir no horario das outras familias.
-  Para facilitar a organización de entradas e saídas, se timbrará á aula do peque e desde alí informaráselle se hai ou non outra familia da súa aula e por tanto se se pode entrar ou ten que esperar a que salga.
-  Quitaranlles aos nenos o abrigo e os zapatos que meterán nunha bolsa e deixarana na percha do neno/a antes de deixalo na aula.
-  As entradas que se realizan pola porta principal dereita de acceso ao interior (todas as aulas excepto a aula de bebés) serán da seguinte maneira: subirán a rampla e entrarán pola porta principal dereita. Os peques que van a aula mixta chegarán ao corredor da súa aulas pola sala de usos múltiples a partires de novembro.
-  Ao acabar van ata a porta da aula polo camiño establecido para cada aula, chamarán á porta e deixarán ao peque sen entrar.
-  Nos meses de setembro e outubro usarase o aula mixta para este grupo e para o grupo dos bebés (nestes meses so hai 6 nenos no total das dúas aulas) polo que as familias destes dous grupos entrarán pola porta da aula dos bebés e alí quitaranlles os zapatos e a roupa de abrigo.
-  As saídas: aula mixta (despois de novembro), 1-2 P. e 2-3 G. sairán pola porta principal esquerda, baixando a rampla contraria á de entrada. As aulas 2-3 P. e 1-2 G. pola porta traseira que comunica co corredor destas aulas.

1.5.6.3. POR AULAS:

-  Aula-bebés: en canto se cubran as prazas do aula mixta (Fernando) e de bebés (Lorena), entrarán e sairán pola porta que queda na parte de arriba do patio e deixarán aos seus peques na porta que comunica coa propia aula.
Excepto as saídas que se realicen despois das 15:00 h.
-  Aula-mixta: a partir de que se cubran as prazas deste aula (Fernando) e a dos bebés (Lorena), entrarán pola porta dereita e chegarán á entrada da aula pola sala de usos

múltiples. Deixarán a bolsa co abrigo e zapatos do neno/a na súa percha antes de deixalo na aula. Saída: polo pasillo ata a porta principal esquerda.

-  Aula 1-2 P (Susana): entrarán pola porta principal dereita e unha vez descalzados na entrada, levarán as bolsas ás súas perchas correspondentes e aos nenos ás súas aulas e sairán da escola pola porta principal esquerda.
-  Aula 1-2 G (Marisol): entrarán pola porta principal da dereita, quitaranse os zapatos e dirixiranse ás súas perchas correspondentes. A saída da escola realizarana pola porta de atrás que dá ao patio.
-  Aula 2-3 P (Ana): entrarán pola porta principal da dereita, quitaranse os zapatos e dirixiranse ás súas perchas correspondentes. A saída da escola realizarana pola porta de atrás que dá ao patio.
-  Aula 2-3 G (Mayte): entrarán pola porta principal da dereita e unha vez descalzados na entrada, levarán as bolsas ás súas perchas correspondentes e aos nenos ás súas aulas e sairán da escola pola porta principal esquerda.

1.5.7.Regulación da entrada de mercadorías

Tódalas mercadorías entrarán pola porta da cociña.

Unha vez dentro, procederase a súa desinfección e distribución atendendo ao plan de trazabilidade da escola.

1.5.8. Regulación dos medios de comunicación/información

Non usaranse axendas, libretas e ningún outro elemento físico.

1.5.8.1. Información familias-escola

Oral, breve, á entrada aula.

Correo electrónico.

Teléfono.

1.5.8.2. Información escola-familia

Oral, breve á entrada da aula.

Correo electrónico.

Teléfono.

Paneis informativos.

1.5.9. Regulación dos espazos .

Os espazos terán o menor número de elementos. Só os necesarios para o funcionamento.

Todas as aulas e demais espazos da escola contarán con todos os elementos necesarios para manter a hixiene: xel hidroalcohólico, luvas, toallas desechables, auga e xabón.

Os termómetros térmicos estarán na sala de profesores.

Se distribuirán materiais informativos (p.e. póster, infografías, folletos...) sobre as medidas principais de prevención.

1.5.10. Regulación da limpeza e ventilación da escola.

A escola limparase cando remate a xornada escolar. As aulas teñen que quedar preparadas para o día seguinte. Reforzándose naqueles espazos que o precisen en función da intensidade de uso, por exemplo nos aseos, onde será de polo menos tres veces ao día, as superficies de manipulación frecuente (por exemplo: barandillas, pomos, teclados y ratones de ordenador, mesas, etc.).

Realizaranse limpeza ao longo da mañá nas zonas de tránsito e na zona de illamento no caso de usarse (desinfección).

Débense realizar tarefas de ventilación frecuente nas instalacións e durante polo menos cinco minutos ao comezo da xornada, ao finalizar e entre medias, sempre que sexa posible. Cando as condicións meteorolóxicas e o edificio permitan manteranse as fiestras abertas o maior tempo posible, como mínimo **20** minutos, sen que se establezan correntes dentro da escola.

Para a limpeza da escola pasarase unha bayeta humedecida na proporción indicada de auga e lixivia, que estará preparada nun bote dosificador, a todo o mobiliario, así como aos pomos das portas, por dentro e por fóra. Utilizarase unha bayeta diferente para cada aula.

Primeiro varrerase cada estancia, e despois fregarase a aula con auga e lixivia na proporción indicada (10%). Cambiarase a auga do fregado tantas veces como sexa necesario.

As bolsas de lixo, non pódense depositar no corredor. Unha vez retirada do aula ha de ser levada ao seu contedor situado na rúa. As papeleiras e calquera utensilio que se use para botar lixo debe ter tapadeira e pedal.

A limpeza dos corredores se fará desde a zona máis afastada cara á zona por onde se vai a saír, xa que unha vez limpo non se debe de volver cara atrás e menos unha vez que nos cambiáramos de roupa para marcharnos.

1.5.10.1. Elementos de limpeza e desinfección

Asegúrase a dispoñibilidade, supervisión e reposición dos recursos necesarios para a hixiene en tódolos espazos da escola: aulas, pasillos, sala de profesores, sala de usos múltiples, cociña, despacho, zona exterior.

Para o lavado de mans: auga, xabón, papel para o secado de mans, papeleira con pedal, xel hidroalcohólico.

Para a desinfección dos materiais, cambiador, xogos: líquido desinfectante.

As fiestras poderán estar abertas se se ten mosquiteras. A porta da cociña permanecerá pechada.

Non se poderá utilizar o móbil no lugar de traballo.










Non se poderá estar falando polo móbil e traballando ao mesmo tempo.

A desinfección coas cantidades adecuadas de cada produto segundo as indicacións marcadas.



Os lavavaixelas non poden ir moi cargados, para que laven perfectamente. É mellor poñer varios.

1.5.11. Regulación comedor-sesta

Protocolo comedor

-  Os nenos e as nenas comerán cada un na súa aula.
-  Con respecto aos alimentos, limitaremos ao máximo a manipulación e o consumo.
-  Supoñendo cos primeiros meses os nenos e as nenas do aula de bebés non comerán na escola, estableceranse as quendas de apoios da seguinte maneira:
As aulas: mixta, 1-2 P e 1-2 G comerán nas súas aulas a partires das 11:45. Na aula mixta axudará Natalia. Nas aulas de 1-2 irán Chus e Luisa (sempre as mesmas). Se se necesita axuda na de bebés, irá Emi.
-  As comidas ten que estar quentes e no seu punto nas dúas quendas.
-  Levaranse en carriños da cociña ata as aulas.
-  @s niñ@s de 0-2, non lactantes, que non comen na escola, poden permanecer na mesma ata as 13:00.
-  @s niñ@s 2-3 anos que non comen na escola poden permanecer na mesma ata as 13:30 h.
-  Os bibeiros teñen que levalos á súa casa cada día.
-  Hai que lavarlles as mans con auga e xabón antes e despois de comer.

Protocolo sesta

-  Os nenos e as nenas botarán a sesta cada un na súa aula.
-  Despois de deixar preparadas esas aulas para a sesta, Emi e Luísa irán a axudar ás aulas de 2-3 ata deixar organizado e preparado para as sestras. A segunda quenda de comedor empezará a partires das 12:45.

🚫 Nas sestas as hamacas-berces deberán estar dispostas pes-cabeza. As sabas lavaranse como sempre unha vez á semana e as mantas se lles mandarán a casa unha vez ao mes.

🚫 @s niñ@s de 1 -2 que comen e non botan sesta poden permanecer na escola ata a 13:30.

🚫 @s niñ@s de 2-3 que comen e non botan sesta poden permanecer na escola ata as 14:30.

🚫 **COCIÑA:**

A cociñeira: é fundamental que manteña unha boa hixiene persoal e intensificar as rutinas de limpeza e desinfección da cociña.

🚫 Limpar a diario co produto desinfectante as superficies e obxectos de uso frecuentes. Se as superficies están sucias, deberá limpalas usando deterxente e auga, e de seguido, aplicar o produto desinfectante.

Estimase que o coronavirus pode sobrevivir nunha superficie durante unhas horas, e aínda dependerá sobre todo do material, se manteremos unha correcta hixiene, o risco de transmisión polo contacto redúcese.

🚫 Tódolos produtos hanse de lavar antes de cociñar, consumir, cortar, para non contaminar ningún outro elemento.

🚫 As listas das compras hanse de facer correctamente para non ter que acudir ó longo da semana a comprar o que non haxamos tido en conta no seu momento. Hai que evitar contaminacións.

🚫 Os menús da cocina teñen que estar plastificados..

🚫 Utilizar o lavavaixelas, en lugar de lavala vaixela a man, e co programa de temperatura máis alta.

🚫 que se lave a man deberá secarse ó aire. Non se deben utilizar trapos para secar ningunha manaxe.

🚫 Lavar os trapos de cociña despois de cociñar e a máis de 60°C. No caso dos panos de mesa, mellor utilizar as de papel desechables.

🚫 A cociñeira deberá recoller os pedidos pola porta da entrada da cociña, desinfectar e gardar cada pedido no seu lugar.


🚫 Trasladaranse a recipientes diferentes dos orixinais e gardaranse atendendo ós protocolos necesarios.


🚫 Elaborará os menús atendendo ós protocolos-

🚫 Facelas comidas e dispoñelas nos carros para que poidamos facer o seu reparto polas aulas.

🚫 A cociñeira deixará a cociña recollida e desinfectada seguindo as instrucións do protocolo en canto a produtos a utilizar todos os días.

🚫 A porta da cociña deberá estar en todo momento pechada. Non se permitirá a entrada á cociña a ningunha persoa que non estableza a dirección.

 Non se poderá utilizar o móbil no horario de traballo.

 Non se pode andar saíndo e entrando da cociña cara ó resto da escola sen motivos xustificados.

2.PLAN DE CONTINXENCIA.

<https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCovChina/ciudadania.htm>

2.1. COMPOSICIÓN

Consta dun Equipo COVID-19, ó fronte do cal figura Emilia Crespo Brayda para todos os temas relacionados ca infección Covid-19.

Co fin de garantir o cumprimento dos principios básicos o equipo COVID-19 estará formado pola dirección do centro, e as tres coordinadoras das aulas: M^a Luisa Mahía López (grupos 2-3 anos), M^a Jesús Criado Galán (grupos 1-2 anos) e aulas de bebés e mixta, Natalia Santos Remuiñán.

A elaboración do Plan de Continxencia corre a cargo da Directora Emilia Crespo Brayda, entre cuxas funcións estará a comunicación e coordinación cos servizos sanitarios e os servizos de saúde pública da súa comunidade autónoma. Es responsable no manexo da COVID-19.

Se a persoa afectada é traballadora da escola, poñerase en contacto co Servizo de Prevención de Riscos, o centro de saúde ou co teléfono de referencia da comunidade autónoma, e seguiranse as súas instrucións.

No caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ó 112 ou ó 061.

2.2. PROPÓSITO

Asegurase a adopción das medidas organizativas de hixiene adecuadas e necesarias para previr os riscos de contaxio, establecendo a ruta de atención que a escola aplicará para a detección e manexo de Casos Sospeitosos ou Confirmados de COVID-19; por medio de accións de prevención e abordaxe oportuno, para evitar a transmisión do virus.

2.3. ALCANCE

Aplícase a todos os nenos e persoal da escola desde a súa chegada ata a súa saída.

2.4. CADRO CLÍNICO COMPATIBLE CA ENFERMIDADE

Os síntomas máis habituais son:

Febre.

Tose seca.

Cansazo, sensación de falta de aire.

Outros síntomas menos comúns son:

Molestias e dores.

Dor de garganta.

Diarrea.

Conxuntivite.

Dor de cabeza.

Perda do sentido do olfacto.

Perda do sentido do gusto.

Erupcións cutáneas ou perda da cor nos dedos das mans e dos pés.

Os síntomas graves son:

Dificultade para respirar ou sensación de falta de aire.

Dor ou presión no peito.

Incapacidade para falar ou moverse.

2.5. ACTUACIÓN NO CASO DE SOSPEITA DE INFECCIÓN POR COVID-19 NA ESCOLA

En caso de sospeita de infección por COVID-19 dalgún neno, educador ou profesional dá escola, é dicir, presentación dun cadro clínico compatible coa enfermidade a actuación que levará a cabo:

Los docentes u otro personal que trabaxe en el centro con condiciones de salud **que les hacen vulnerables, deberán** informar **al responsable para tomar las medidas adecuadas.**

Separar á persoa enferma do resto de persoas da escola e levala á zona de illamento, acompañada se é un neno, tratar de manter unha distancia de polo menos 2 metros. A **persoa que acompañe o caso sospeitoso deberá levar** o material de protección

Manter a habitación aireada coa fiestra aberta.

Ao rematar o proceso terase que tirar na papeleira co pedal nunha bolsa de plástico dobre todos os elementos usados: luvas, mascarillas, panos...e levalos ao contedor. Limpar e desinfectar a zona de illamento.

Zona de illamento:

O antedespacho. Zona pequena, con ventilación, próxima á saída, cos elementos de protección e hixiene necesarios, á cal só acode a persoa de referencia do plan de continxencia e é a zona onde realiza parte da súa actividade.

Ante un caso sospeitoso: se poñerá en contacto cá familia ou titores legais (se a persoa afectada é un neno) para que acudan á escola para a súa recollida. Necesitamos un teléfono de contacto que funcione de forma eficiente, é dicir que permita unha rápida resposta da familia ás nosas chamadas.

Terán que vir inmediatamente a recoller ao neno se nós detectamos algo, xa que a ese neno durante ese espazo de tempo, chamada- recollida terémolo separado do resto de nenos.

Deberán contactar tan pronto como sexa posible co seu centro de saúde de referencia ou con quen o SERGAS haxa designado, ou chamar ó teléfono de referencia para responder ante un caso sospeitoso da COVID-19. Os servizos médicos valorarán a situación clínica do paciente e os antecedentes epidemiolóxicos, informarán da conduta a seguir e realizarán as actuacións pertinentes: suspensión das clases, cancelación de eventos e outras medidas de distanciamento social).

- DIRECCIÓN GENERAL DE SALUD PÚBLICA, CALIDAD E INNOVACIÓN Centro de Coordinación de Alertas y Emergencias Sanitarias

<https://espanol.cdc.gov/coronavirus/2019-ncov/community/schools-childcare/guidance-for-schools.html>

2.6. ACTUACIÓN EN CASO DE CONFIRMACIÓN DE INFECCIÓN POR COVID-19 NA ESCOLA

O Servizo de Saúde Pública de la Comunidade Autónoma se poñerá en contacto coa escola para informar do caso confirmado para COVID-19, realizar unha avaliación do risco e determinar as actuacións específicas en base á situación e contexto epidemiolóxico.

a) contactos estreitos:

En escolas infantís:

- Todos os nenos e persoal do aula. As autoridades sanitarias realizarán unha avaliación do risco na escola infantil para valorar a duración e a proximidade do contacto co caso, que oriente a toma de decisións para previr novos casos.
- Se varias aulas do mesmo centro tivesen actividades en común, valorarase considerar contactos a todos. En xeral, non se considerarán como contactos próximos os mantidos nos recreos ou actividades limitadas no tempo, pero as autoridades de Saúde Pública valorarán cada caso.
- Se aparece outro caso noutra aula se considerará como contactos próximos a tódolos nenos e persoal da escola.

b) Contactos casuais

Se consideran contactos casuais ó resto de nenos, educadores e profesionais da escola que non cumplan os criterios de contacto estreito.

A dirección da escola informará ós educadores e profesionais da escola da existencia do caso confirmado. Os contactos casuais realizarán unha autovixilancia do seu estado de saúde (vixilancia pasiva) durante os 14 días posteriores á data da última exposición co caso confirmado na que estarán alerta ante calquera síntoma (febre, malestar, tose...).

Na escola os grupos burbulla , que son grupos de convivencia estable, posibilitánnos o rastreo de contactos rápido e sinxelo no suposto de que dérase algún caso.

Priorizarase así mesmo, na medida do posible, a utilización dos espazos ó aire libre para a realización das actividades en lugar dos pechados.

Temos que levar a cabo as medidas de prevención persoal, como son a hixiene de mans frecuente e meticulosa, evitar tocarse o nariz, ollos e boca ou usar panos desechables.

O cumprimento destas medidas impulsarase con estratexias de educación para a saúde así como co cartelería para a infancia que faciliten a súa comprensión.

Reforzarase a limpeza e a ventilación: a escola estableceu un protocolo de limpeza e desinfección que responde ás nosas características como o reforzo en tódolos espazos das medidas de limpeza e hixiene.

Márcanse as pautas para o uso de máscaras, respectando as indicacións das autoridades sanitarias. Contaremos con máscaras cirúrxicas para o caso de que alguén inicie síntomas e máscaras hixiénicas para os educadores e os nenos que o necesiten.

Rexistrar as accións de protección colectiva: recoméndase levar a cabo un libro ou axenda de rexistro de accións que se tomen, especificando a data, a hora, as persoas responsables, etc., e gardar toda a documentación que poida xerarse: partes de limpeza, controis externos de mantemento, albarás de servizos, baixas laborais, etc.

Empregar controis telemáticos para substituír ao control presencial humano.

Equipos de Protección Individual (EPI's). Uso exclusivo de EPI's en función do risco e como última medida entre a persoa e o risco, tras tomar previamente as medidas organizativas e colectivas antes citadas. Seleccionar a combinación necesaria de EPI's en función do nivel de risco avaliado (luvas, gafas, roupa de protección, pantallas, mascarillas, etc.).

Formar ás e ós traballadores no uso de EPI's, especialmente na súa colocación e retirada e sobre as medidas de prevención específicas relacionadas co Covid19.

Manter, almacenar, usar e eliminar correctamente os EPI's.

Seguir empregando os EPI's necesarios para o desenrolo do traballo habitual.

Estas medidas deben supervisarse continuamente e debemos estar preparados para a reinstauración de medidas de confinamento cando sexa necesario.